

BOLETÍN 2017 PREMIOS E DISTINCIÓNS.

A COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

*Numerosos organismos tanto
en España como a nivel
internacional recoñecen os
esforzos da nosa comunidade
universitaria.*

PREMIOS E DISTINCIÓNS.

A comunidade universitaria está composta por alumnado, persoal docente e investigador e persoal auxiliar e de servizos. Todas as persoas pertencentes a estes colectivos conforman o gran capital desta institución. O seu esforzo de superación, o seu traballo e os seus intereses profesionais e académicos son recoñecidos por múltiples organismos e institucións, tanto en España como a nivel internacional.

A Universidade de Vigo quere, con este boletín, recuperar toda a información sobre os premios e distincións acadados pola nosa comunidade universitaria ao longo do 2017.

Nas seguintes páxinas poderán atopar información, extraída de diversas novas do Diario da Universidade de Vigo ([DUVI](#)) sobre os mesmos.

*“A comunidade universitaria conforman o
gran capital da Universidade de Vigo”*





Lidia Blanco acadou o galardón a mellor tese de doutoramento.

PERSOAL INVESTIGADOR DO CAMPUS ACAPARA OS PREMIOS DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE EXPERTOS CIENTÍFICOS EN TURISMO

A categoría de mellor artigo foi para un traballo de Elisa Alén, Trinidad Domínguez e Simon Darcy

Rosa Tedín | Ourense

Persoal investigador da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense vén de ser distinguido nos II Premios da Asociación Española de Expertos Científicos en Turismo Aecit, acaparando todos os galardóns concedidos. Deste xeito, por unha banda Lidia Blanco fíxose co premio á mellor tese de doutoramento en turismo e Elisa Alén, Trinidad Domínguez e Simon Darcy co premio ao mellor artigo de investigación en turismo. [+info.](#)



Álvarez Buján é investigadora predoutoral de Dereito Procesual.

MARÍA VITORIA ÁLVAREZ ACADA O I PREMIO MANUEL OLIVENCIA CUN TRABALLO SOBRE A PROBA DE ADN NO PROCESO PENAL

A investigadora predoutoral da Facultade de Dereito está realizando a tese sobre este tema

Rosa Tedín | Ourense

María Vitoria Álvarez Buján, investigadora predoutoral de Dereito Procesual da Facultade de Dereito do campus de Ourense, vén de gañar a I Edición do Premio Manuel Olivencia, convocado polo Colexio de Avogados de Ceuta. O galardón foille concedido por un traballo xurídico monográfico titulado *A proba de ADN no proceso penal: as súas reviravoltas desde a óptica do exercicio da avogacía*. O estudo forma parte da investigación que desenvolve no marco da súa tese de doutoramento arredor da proba de ADN baixo a dirección da profesora Inés Iglesias Canle. [+ info.](#)



Presentación do premio.

CONTAR A CIENCIA RECOÑECE UN TRABALLO NACIDO E CENTRADO NA UNIVERSIDADE

O seu traballo céntrase nas investigacións do equipo de Xenética Humana que dirixe Diana Valverde

Duvi | Pontevedra

A menciña dos esquecidos, unha reportaxe que afonda no traballo que o equipo de investigadores de Xenética Humana da Universidade desenvolven no estudo das ciliopatías, unhas enfermidades xenéticas cualificadas como raras dado o baixo número de persoas afectadas, é o título da reportaxe coa que a estudante da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación Claudia Alonso vén de proclamarse gañadora da cuarta edición do Premio Universitario de Comunicación Científica Contar a Ciencia. [+ info.](#)




A docente de CCSS e da comunicación vén de obter o primeiro premio á innovación docente da AECPA.

A PROFESORA ROSA RICOY OBTÉN O PREMIO Á INNOVACIÓN DOCENTE DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CIENCIA POLÍTICA

No seu proxecto, avoga polo uso educativo de elementos como o cómic, a arte ou a música.

Eduardo Muñiz | Pontevedra

Palestina, de Joe Sacco, *Maus*, de Art Spiegelman, ou *Persépolis*, de Marjane Satrapi, son tres recoñecidas novelas gráficas, pero tamén un xeito de achegarse ao conflito en Oriente Medio, ao holocausto ou ao ascenso ao poder en Irán do aiatolá Jomeini. Facer uso de diferentes manifestacións culturais, desde o propio cómic, á arte, a música ou o cinema, como un recurso capaz de captar a atención do alumnado nas aulas e achegalos a unha determinada temática é a base do proxecto polo que a profesora da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e coordinadora do grao en Dirección e Xestión Pública, Rosa Ricoy, acadou primeiro premio á innovación docente da Asociación Española de Ciencia Política e da Administración (AECPA). [+info](#)



Yolanda Diz..

A SOCIEDADE EUROPEA DE ENDOCRINOLOXÍA PREMIA Á BIÓLOGA YOLANDA DIZ

O seu traballo abre novas liñas para o tratamento da diabetes, a obesidade e trastornos asociados

D. Besadío | Vigo

A investigadora do Laboratorio de Endocrinoloxía da Universidade de Vigo Yolanda Diz Chaves, adscrita ao Centro de Investigación Biomédica, Cinbio, é unha das tres gañadoras do Poster Prize Winner que cada ano outorga a Sociedade Europea de Endocrinoloxía en recoñecemento aos mellores pósters presentados no seu congreso anual. Nesta ocasión presentáronse máis de 1700 traballos e entre os tres mellores na categoría de ciencia básica atópase o de Diz-Chaves, un estudo no que autora demostra que o liraglutide, un axente terapéutico empregado no tratamento da diabetes, é capaz de modular a reposta inflamatoria, o que permite abrir novas liñas de investigación para o tratamento e busca dunha cura para a diabetes e a obesidade [+info.](#)

ANTONIO VIDAL, GALARDOADO COMO MELLOR DATA SCIENTIST DE ESPAÑA 2017

O premio foille outorgado por un proxecto de algoritmos para predicir o prezo de poxa dun servizo na nube

Duvi | Vigo

Antonio Vidal rematou Enxeñaría de Telecomunicación na Universidade de Vigo en 1999. Tras unha extensa carreira profesional en empresas TIC, na actualidade é Data Science Manager na empresa Sivsa, traballo que agora comeza a compatibilizar cunha nova etapa como estudante de doutoramento na EE de Telecomunicación. Como froito do seu traballo, este martes recibiu o galardón ao Mellor Data Scientist de España 2017, premio que lle foi outorgado no transcurso *Big Data Week Madrid*, un evento no que tamén interveu como poñente para presentar o seu traballo. Vidal, que realizará a súa tese de doutoramento baixo a dirección do catedrático Javier González Castaño, foi galardoado polo desenvolvemento dun proxecto de algoritmos para predicir o prezo de poxa dun servizo na nube, co obxectivo de reducir custes na contratación destes servizo de maneira automática. [+info](#)



Antonio Vidal, galardoado como o mellor Data Scientist de España.




Alicia L. Bruzos recollendo o premio.

ESPECIALISTAS DO CENTRO SINGULAR MARIÑO GAÑAN O PRIMEIRO PREMIO DO FORO DOS RECURSOS MARIÑOS E DA ACUICULTURA DAS RÍAS GALEGAS

A investigación desenvólvese ao abeiro do proxecto europeo Scuba Cancer, financiado con 1,5 millóns de euros

Duvi | Vigo

Un traballo no que se presentan os primeiros pasos para descodificar o xenoma do berberecho *Cerastoderma edule* valeulle a un equipo de especialistas do Centro Singular Mariño, Ecimat, o premio ao mellor panel na XX edición do Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas, Foro Acuí, celebrado este mes na illa grovense da Toxa e no que participaron os principais colectivos investigadores, empresariais, da administración e estudantís vinculados ao ámbito pesqueiro e acuícola para analizar, debater e reflexionar sobre os recursos mariños e a acuicultura, así como para contribuír á transferencia de coñecementos. [+ info.](#)



Unha das páxinas de "Opia".

UNHA ALUMNA DE BELAS ARTES GAÑA O PREMIO PALABRA PINTADA

A obra, que constitúe o seu traballo de fin de grao, achégase ao "tabú social" da depresión

Eduardo Muñiz | Pontevedra

"Un xogo de miradas, fragilidades e vulnerabilidades, onde se fala do tabú social que é a depresión". Deste xeito presenta a alumna de Belas Artes Beatriz Gregores *Opia: un instante de fragilidad*, o libro de artista que desenvolveu o pasado curso para o seu traballo de fin de grao combinando fotografía, debuxo, gravado, serigrafía ou impresión dixital cun "estilo poético de contraposicións visuais", e que a Fundación Ankaria seleccionaba como o traballo gañador do premio a artistas novos do seu certame La Palabra Pintada. "Síntome realmente afortunada de ter recibido un premio de tanta importancia e alcance", salienta Gregores do seu recoñecemento nun certame ao que, na súa cuarta edición, presentaron os seus proxectos un total de 345 artistas de diferentes nacionalidades e que contou por primeira vez cunha categoría dedicada aos novos talentos. [+info](#)



Javier Arzúa.

A SOCIEDADE INTERNACIONAL DE MECÁNICA DE ROCHAS PREMIA UNHA INVESTIGACIÓN REALIZADA NA EE DE MINAS E ENERXÍA

É a primeira vez que esta sociedade outorga este tipo de recoñecemento a un español.

Eva M. Porto | Vigo

A Sociedade Internacional de Mecánica de Rochas -ISRM, polas súas siglas en inglés- que vincula a máis de 5000 socios espallados por 46 países diferentes, outorga por primeira vez un accésit dos seus premios anuais a un investigador español. Trátase de Javier Arzúa, da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, autor dunha tese de doutoramento sobre o comportamento post-rotura de rochas e macizos logo da súa manipulación; unha investigación que converxe co obxectivo de fomento e difusión, que defende esta sociedade internacional. [+info](#)



Equipo mixto universidade empresa.

A COLABORACIÓN ENTRE BORGWARNER E O GRUPO DE TECNOLOXÍA ENERXÉTICA FAISE CUN DOS PREMIOS Á TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA 2017

Os galardóns, promovidos pola RAGC, entregaranse proximamente en Santiago de Compostela

Duvi | Vigo

Levan máis de dez anos de colaboración continuada a través de proxectos nacionais, autonómicos e financiados directamente pola propia empresa e o seu traballo conxunto sobre a redución de emisións contaminantes procedentes dos tubos de escape dos vehículos fixos merecentes dun dos Premios de Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2017. Falamos da empresa BorgWarner Emissions Systems Spain, filial española da multinacional Borgwarner, e do Grupo de Tecnoloxías Enerxéticas da Universidade de Vigo, un equipo liderado polo profesor da Escola de Enxeñaría Industrial José Luis Míguez Tabarés, composto por máis de trinta investigadores e investigadoras que teñen entre as súas principais liñas de investigación, os sistemas anticontaminación de motores de automoción. [+info](#)



Certame estatal Arquímedes.

O CERTAME ESTATAL ARQUÍMEDES PREMIA DOUS TRABALLOS DA UNIVERSIDADE SOBRE PENSÍONS E DISCRIMINACIÓN POR EMBARAZO

O obxectivo dos galardóns do Ministerio de Educación é fomentar o espírito investigador no alumnado

Rosa Tedín | Vigo

Cada ano, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte convoca o Certame Arquímedes co obxectivo de fomentar o espírito investigador no alumnado universitario mediante a concesión de premios aos mellores traballos de investigación. Entre os galardoados na edición 2017 do concurso están dous traballos fin de grao realizados na Universidade de Vigo. Na Área de Ciencias Sociais e Humanidades, Lidia Cruces, alumna da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do campus de Vigo, acadou un segundo premio polo seu estudo sobre a sustentabilidade do sistema de pensións, e Victoria Gil, alumna da Facultade de Dereito do campus de Ourense, conseguiu na mesma categoría un accésit pola súa investigación sobre a discriminación no traballo por embarazo ou maternidade. [+info](#)




Jackeline Elizabeth Fernández.

UN ESTUDO SOBRE O TURISMO DE EMOCIÓNS NA RIBEIRA SACRA, ENTRE OS MELLORES TRABALLOS FIN DE MESTRADO ESTATAIS DA SÚA ÁREA

A estudante do campus de Ourense Jackeline Elizabeth Fernández é a súa autora

Rosa Tedín | Ourense

A Red Intur, formada por 27 universidades estatais nas que se imparten posgraos en turismo, convoca cada ano un certame que ten como obxectivo premiar aos mellores traballos fin de mestrado presentados en España durante o último curso académico. Entre as 40 propostas presentadas este ano, Jackeline Elizabeth Fernández, estudante do Master Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde da Universidade de Vigo, fíxose cunha das dúas distincións extraordinarias que se outorgaron. No seu traballo aborda o turismo experiencial e de emocións na Ribeira Sacra, concluindo como “este destino conta co potencial de recursos e compoñentes necesarios para converterse nun destino de turismo experiencial e de emocións”. [+info](#)



UNHA ALUMNA DE BBAA GAÑA O PREMIO XUVENTUDE CREA DE BANDA DESEÑADA

O seu cómic 'Ellipsim' obtén un galardón de 3000 euros neste certame da Xunta de Galicia

Pontevedra

Ellipsism, termo que fai referencia “á tristeza de non poder chegar a saber como finaliza unha historia” é o título que a estudante do máster en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual da Facultade de Belas Artes Beatriz Gregores deu o cómic co que vén de proclamarse gañadora do premio Xuventude Crea na categoría de banda deseñada. Dirixido a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos, ás doce modalidades deste concurso promovido pola Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia presentáronse un total de 299 proxectos, entre os que se atopa o cómic realizado con medios dixitais que lle valeu a esta alumna un primeiro premio dotado con 3000 euros, que suma ademais ao recoñecemento que hai unhas semanas acadaba nos premios Palabra Pintada, da Fundación Ankaria, onde o libro de artista que elaborou para o seu traballo final no grao en Belas Artes era o distinguido na categoría de novos creadores. [+ info](#)



Premiados nos V Premios de investigación da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo..

OS V PREMIOS DE INVESTIGACIÓN DISTINGUEN ESTUDOS SOBRE O CÁLCULO DO PREZO DA VIVENDA E O CAPITAL INTELECTUAL EN GRANDES HOTEIS

Están destinados a pór en valor os mellores traballos fin de grao do centro ourensán

Rosa Tedín | Ourense

No marco do Foro Economía e Sociedade, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense e o Colexio de Economistas de Ourense entregaron este martes os seus V Premios de Investigación, destinados a distinguir os mellores traballos fin de grao presentados por alumnado do centro. No Grao en Administración e Dirección de Empresas o premiado foi Iván Míguez, por un estudo sobre os factores determinantes do prezo da vivenda na cidade de Ourense. No Grao en Turismo, a galardoada foi Andrea García, por unha análise da xestión do capital intelectual nos grandes hoteis galegos. Ademais, entregáronse tres accésits sobre temas como a influencia dos xefes de servizo no rendemento hospitalario, a valoración da marca Q de Calidade e o Programa de Clemencia. [+ info.](#)



Belén Riveiro..

A REAL ACADEMIA DE INGENIERÍA RECOÑECE A TRAXECTORIA DA INVESTIGADORA BELÉN RIVEIRO NOS PREMIOS JÓVENES INVESTIGADORES

É membro do Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas e docente da EE Industrial **M. Del Río | Vigo**

Menores de 40 anos, que teñan realizado labores notorias no eido da innovación e achegas profesionais destacadas nos ámbitos profesionais da enxeñaría española. Este é o perfil que busca a Real Academia de Ingeniería española para outorgar os Premios Jóvenes Investigadores, distincións que este ano teñen selo vigués. A investigadora do Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas e docente da EE Industrial Belén Riveiro é unha das premiadas e recibiu este martes en Madrid unha medalla Juan López de Peñalver. Segundo se recolle no fallo do xurado, a docente da Universidade de Vigo é merecedora desta distinción “polas súas contribucións á aplicación de técnicas xeománticas á monitorización dimensional estrutural de estruturas de enxeñaría civil e construción, así como aplicacións de modelado 3D en cidades intelixentes. [+info](#)



Foto de familia de premiados e autoridades na XXVI Gala do Deporte.

A UNIVERSIDADE PREMIA 30 REFERENTES DOS VALORES ESENCIAIS DO DEPORTE

O evento combinou o recoñecemento aos logros do alumnado coas distincións a persoas e colectivos.

Eduardo Muñiz | Pontevedra

O compromiso, o traballo en equipo, a constancia, o afán de superación, a procura da excelencia, a solidariedade ou a promoción de estilos de vida saudables. Estes son algúns dos valores esenciais da práctica deportiva que a Universidade de Vigo quixo facer visibles na XXVI Gala do Deporte, celebrada na noite deste martes no Teatro Principal de Pontevedra. 30 persoas e colectivos foron distinguidos nun acto no o xogador de balonmán David Chapela obtivo a mención ao deportista universitario do ano e no que a Área de Benestar, Saúde e Deporte da institución académica buscou non só premiar os logros acadados ao longo do pasado curso polos seus e as súas deportistas en diferentes competicións, senón tamén a contribución de diferentes persoas e colectivos, dentro e fóra da Universidade, na defensa e difusión destes valores. [+info](#)



Presentáronse un total de 31 candidaturas aos galardóns.

A PRIMEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS DO CAMPUS DA AUGA DISTINGUE SETE TRABALLOS E TRES INICIATIVAS

A gala de entrega celebrárase o 13 de decembro no Teatro Principal de Ourense

Rosa Tedín | Ourense

Sete traballos de investigación e tres iniciativas de diferente índole veñen de ser distinguidos na primeira edición dos Premios de Investigación, Transferencia, Innovación Educativa e Divulgación Científica do Campus da Auga. Este mércores fíxose pública a resolución pola que se conceden uns galardóns que teñen como obxectivo visibilizar e fomentar o traballo da comunidade universitaria en temas relacionados co motor estratéxico de especialización do campus de Ourense. Entre os galardoados están unha tese sobre sensores fotónicos para monitorización remota de ecosistemas e un traballo fin de grao sobre valorización de augas mineromedicinais para a elaboración de cremas solares con extracto de pebida de bagazo. [+info](#)



A banda Spleen durante o seu concerto.

A MESTURA DE ROCK, FUNK E SOUL DE SPLEEN GAÑA O CONCURSO ENSAIAMOS COLLEITA 2017

O público e o xurado foron os encargados de elixir á mellor banda do ano

nés Tornero | Vigo

A banda Spleen gañou o 15º concurso Ensaíamos Colleita 2017 tras impoñerse aos outros tres grupos que chegaron á final do certame musical que organiza a Vicerreitoría de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo. O Teatro Vidal Bolaño de Cidade Universitaria acolleu o concerto que pechou o programa de apoio ao talento musical das músicas e músicos da comunidade universitaria deste curso, no que o público e o xurado formado por profesionais da música e persoal da Vicerreitoría foron os encargados de elixir coas súas votacións ao gañador do festival. [+info](#)




Foto de familia dos alumnos premiados.

A CÁTEDRA DELOITTE DE CIBERSEGURIDADE RECOÑECE SETE TRABALLOS NA PRIMEIRA EDICIÓN DOS SEUS PREMIOS

En setembro comezará a impartirse o Máster en Ciberseguridade, único en Galicia

D. Besadío | Vigo

A piques de cumprirse un ano da súa creación a Cátedra Deloitte de Ciberseguridade da Universidade de Vigo recoñeceu este venres os mellores traballos realizados polo alumnado universitario e que xiran arredor dun tema que gaña protagonismo a medida que progresa o imparable avance da tecnoloxía: a seguridade en internet. Entregaron un total de sete premios aos mellores traballos defendidos ao longo de todo o ano, ás mellores propostas para pórse mans á obra e a cousas propias do lanzamento dunha nova iniciativa: creación dun logo e o deseño dunha páxina web para a cátedra. [+info](#)




Silvia García, Milagros Fernández, Jonathan Juncal e Enrique Costa.

UNHA APLICACIÓN PARA MELLORAR A EXPRESIÓN DAS PERSOAS CON AUTISMO NO ÁMBITO LABORAL, PREMIADA POR INDRA E FUNDACIÓN UNIVERSIA

Máis de 70 grupos de investigación de universidades españolas concorreron á convocatoria

M^a del Carmen Echevarría | Vigo

Dotar ás persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA) na contorna laboral, dunha aplicación que lles permita practicar e autoavaliar a súa fala e escritura mediante pictogramas, grazas a un sistema de xeración de linguaxe natural, é o obxectivo de TalkAACTive, unha App deseñada polo Grupo de Tecnoloxías da Información do Centro de investigación AtlantTIC da Universidade de Vigo, seleccionada na II Convocatoria de axudas a proxectos de investigación aplicada ao desenvolvemento de Tecnoloxías Accesibles, lanzada pola empresa Indra e a Fundación Universia. Xunto a TalkAACTive, outros dos proxectos das universidades de Málaga e Salamanca, foron elixidos na convocatoria, á que concorreron máis de 70 grupos de investigación de universidades públicas e privadas españolas, [+info](#)



Algún/ha/a dos/as premiados/as.

NA UNIVERSIDADE DE VIGO OS PREMIOS FIN DE CARREIRA DA XUNTA TEÑEN NOME DE MULLER

O campus de Vigo suma dez mencións e Ourense e Pontevedra, catro cada un

M^a del Carmen Echevarría | Vigo

Elda, Iria, Sara, Helena, Cristina e Marta, son os nomes dalgunhas das 13 graduadas pola Universidade de Vigo ás que a Xunta de Galicia outorgou os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumando que rematou os seus estudos no ano 2013 nas universidades do Sistema universitario galego. Estas 13 mulleres acadan no caso da institución académica viguesa o 72% dos galardóns que entrega o executivo galego e que tamén recibirán cinco egresados, que ao igual que as premiadas percibirán 2500 euros. [+info](#)

A REVISTA 'TEORÍA Y REALIDAD CONSTITUCIONAL' PREMIA UN ARTIGO DO DOCENTE ADAY JIMÉNEZ

O traballo aborda o uso de precedentes estranxeiros por parte do Tribunal Constitucional

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA DUVI 11/07/2017

Foi no seu período como bolseiro do Servicio de doctrina del Tribunal Constitucional cando o docente e investigador da Área de Dereito constitucional Aday Jiménez comezou a observar que nalgunhas resolucións deste órgano se facía mención a resolucións de altos tribunais estranxeiros, “unha práctica bastante común noutros ordenamientos xurídicos, pero moi controvertida. Tal é así, que nos Estados Unidos as audiencias ante o Senado antes do nomeamento de xuíces do Tribunal Supremo, se lles pregunta aos candidatos sobre a súa postura sobre esta práctica. Incluso houbo iniciativas parlamentarias para prohibila”, explica o docente, que aclara, que si ben o Tribunal Constitucional español tamén as utiliza, case que non recibira atención. Esta curiosidade persoal está na orixe do traballo Universalismo y particularismo en el Tribunal Constitucional. [+info](#).



O docente e investigador no seu despacho.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS

Edificio anexo a xerencia.

Planta baixa.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/analises-programas/index.html

Universidade de Vigo